



RESUMO INFORMATIVO

Materia	Lingua Castelá e Literatura		
Docente	M ^a del Pilar Andión Méndez, Patricia Fernández López, José Antonio García Martínez, Lúa Miranda Uzal, Iago Rodríguez Yáñez		
Curso/Grupo	1ºESO	Ano académico	2023-2024
Contidos: 3 unidades cada trimestre			
1º Trimestre	<p>Lectura, comprensión e composición de textos. Comunicación: elementos da comunicación, comunicación oral e escrita. Tipos de textos segundo a forma, a intención e o ámbito de uso. Os textos descritivos.</p> <p>A linguaxe e as linguas: a lingua e as súas variedades, realidade plurilingüe de España, os prexuízos lingüísticos. Gramática: Unidades da lingua. O substantivo e o adxectivo.</p> <p>Ortografía: acentuación. Uso de g/j, b/v,</p> <p>Léxico e semántica: os dicionarios. As relacións semánticas. Palabras derivadas e compostas.</p> <p>Educación literaria: a comunicación literaria, literatura oral e escrita, os xéneros literarios. Recursos literarios. A descrición literaria.</p> <p>Libros de lectura obrigatorias (O alumnado deberá ler un, segundo a indicación do profesorado)</p> <p><u>Muerte en el Priorato:</u> Toti Martínez de Leza</p> <p><u>Simplemente tú mismo:</u> Alex Gino George.</p> <p>(Pódese ampliar a lista segundo o profesorado)</p>		
2º Trimestre	<p>Lectura, comprensión e composición de textos.</p> <p>Comunicación: textos da vida cotiá: o diálogo. A conversa.</p> <p>Gramática. O verbo. As palabras invariables: adverbios, conxuncións e preposicións.</p> <p>Ortografía: H, K, QU, C, Z..</p> <p>Léxico e semántica: monosemia e polisemia. Campo semántico e familia léxica.</p> <p>Educación literaria: a narración literaria: elementos da narración, subxéneros narrativos</p>		



	<p>Libros de lectura obrigatorias (O alumnado deberá ler un, segundo a indicación do profesorado)</p> <p><u>El Principito</u>: A. de Saint Exupéry.</p> <p><u>Invisible</u>: Eloy Moreno.</p> <p>(Pódese ampliar a lista segundo o profesorado)</p>
3º Trimestre	<p>Lectura, comprensión e composición de textos.</p> <p>Comunicación: Textos dos medios de comunicación.</p> <p>Gramática. Adxectivos determinativos e pronomes. Introducción á oración simple.</p> <p>Ortografía: Os signos de puntuación. Uso das maiúsculas.</p> <p>Educación literaria: Os textos líricos</p> <p>Libros de lectura obrigatorias (O alumnado deberá ler un, segundo a indicación do profesorado)</p> <p><u>Cuando Hitler robó en conejo rosa</u>: Judyth Kerr</p> <p><u>Mi hermano persique dinosaurios</u>: Giacomo Mazzariel.</p> <p>(Pódese ampliar a lista segundo o profesorado)</p>
Obxectivo	
Os marcados polo Decreto da lei LOMLOE polo que se establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia	
Metodoloxía	
Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos utilízase o libro dixital das distintas editorias que aparecen na plataforma, así como aqueles recursos en papel ou dixital que o profesorado que imparte a materia considere interesante.	
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)	
<p>Procedementos de avaliación continua</p> <p>Realizaranse probas orais ou escritas.</p> <p>1) Probas orais. Exposicións orais.</p> <p>-Comentario e análise de texto (oral).</p> <p>2) Probas escritas.</p>	



-Comentarios e análise de textos (escritos).

-Probas escritas das unidades didácticas.

Faranse unha ou máis probas por avaliación.

As probas escritas e orais representan o 80% da nota. O 20% restante repártese entre observación sobre a actitude do alumnado, o comportamento, traballos individuais ou en grupo, libro de lectura obrigatoria ou caderno do alumnado onde se reflicte todo o traballo da avaliación e outras actividades que considere o/a profesor/a.

A media en cada avaliación poderase facer mediante redondeo a partir do medio punto, sempre e cando non sexa mala a actitude do alumno e amose interese pola materia.

En canto á observación do traballo na aula, valorarase a atención, a participación, a realización dos exercicios propostos e de traballos individuais ou en equipo.

O profesor poderá fixar as recuperacións que considere pertinentes.

A cualificación final será unha media das tres avaliacións. Cada profesor/a fixará cal debe ser esa nota mínima.

A proba final, para aqueles alumnos que non superaron a materia, será oral ou escrita e incluírá aspectos relacionados cos distintos bloques.

Proceso de avaliación Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

A proba final, para aqueles/as alumnos/as que non superaron a materia, será oral ou escrita e incluírá aspectos relacionados cos distintos bloques

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

-PRESENTACIÓN DE TRABALLOS E EXAMES

Restarase entre 0,25 e 0,50 puntos pola presentación inadecuada de traballos e exames. -
ACTITUDE EN CLASE

Valorarase positivamente o interese, traballo e participación.

-FALTAS ORTOGRÁFICAS

Tanto nos traballos persoais como nas diferentes probas escritas poderanse descontar 0,25 puntos por cada falta ortográfica e de expresión, ata un máximo de dous puntos.

Se o/a profesoar observa que un/unha alumno/a copia, será avaliado cun 0 nesa proba.

(Extracto da programación do departamento)

RESUMO INFORMATIVO

Materia	Lingua Castelá e Literatura		
Docente	Margarita Rodríguez López, Lúa Miranda Uzal, María Rodríguez		
Curso/Grupo	3ºESO	Ano académico	2023-2024
Contidos: 3 unidades cada trimestre			
1º Trimestre	<p>Lectura comprensiva. Comunicación: O texto e as súas propiedades. Reflexión sobre a lingua: a palabra. Educación literaria: Os xéneros e subxéneros literarios, recursos literarios Comunicación: O texto narrativo. Reflexión sobre a lingua: O enunciado, a oración e o sintagma. Educación literaria:-A Idade Media, a lírica. Comunicación: O texto descritivo. Reflexión sobra a lingua: O sintagma nominal. Educación literaria- A Idade Media: A prosa e o teatro. Práctica de ortografía Lectura obrigatoria: <u><i>Cantar de Mío Cid</i></u> (Ou o que considere a profesora)</p>		
2º Trimestre	<p>Lectura comprensiva. Comunicación: Os textos prescriptivos e os textos da vida cotiá. Reflexión sobre a lingua: O sintagma adxetival. Educación literaria: A Celestina. Comunicación: O texto dialogado. Reflexión sobre a lingua: O sintagma adverbial e o Sintagma preposicióna. Educación literaria- O Renacemento: A lírica. Comunicación: O texto expositivo. Reflexión sobre a lingua: O sintagma nominal suxeto. Educación literaria:- O Renacemento: A prosa e o teatro. Práctica de ortografía. Lectura obrigatoria: <u><i>El Conde Lucanor</i></u>, D. Juan Manuel (Ou o que considere a profesora)</p>		
3º Trimestre	<p>Lectura comprensiva Comunicación: O texto argumentativo. Reflexión sobre a lingua: O sintagma verbal. Educación literaria: Miguel de Cervantes. Comunicación: Os textos periodísticos. Reflexión sobre a lingua: As clases de oraciones. Educación literaria- O Barroco: O teatro. Comunicación: Os textos publicitarios. A lingua e os seus hablantes: A orixe das linguas de España. Educación literaria- O Barroco: a poesía e a prosa. Práctica de ortografía.</p>		

	Lectura obrigatoria: <u>El Lazarillo de Tormes</u> (Ou o que considere a profesora)
Obxectivo	
Os marcados polo Decreto da lei LOMLOE polo que se establece o currículo da educación secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia	
Metodoloxía	
Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos utilízanse o libro da editorial Anaya Operación Mundo ISBN: 978-84-143-0476-1, así como aqueles recursos en papel ou dixital que o profesorado que imparte a materia considere interesante.	
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)	
<p>- Procedementos de avaliación continua Realizaranse probas orais ou escritas.</p> <p>1) Probas orais. Exposicións orais. -Comentario e análise de texto (oral).</p> <p>2) Probas escritas. -Comentarios e análise de textos (escritos). -Probas escritas das unidades didácticas.</p> <p>Faranse unha ou máis probas por avaliación. As probas escritas e orais representan o 80% da nota. O 20% restante repártese entre observación sobre a actitude do alumnado, o comportamento, traballos individuais ou en grupo, libro de lectura obrigatoria ou caderno do alumno onde se reflicte todo o traballo da avaliación e outras actividades que considere o profesor.</p>	
Proceso de avaliación Final (Ferramentas, procedementos, etc.)	
A proba final, para aqueles/as alumnos/as que non superaron a materia, será oral ou escrita e incluírá aspectos relacionados cos distintos bloques	
Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación	
<p>-PRESENTACIÓN DE TRABALLOS E EXAMES Restarase entre 0,25 e 0,50 puntos pola presentación inadecuada de traballos e exames.</p> <p>ACTITUDE EN CLASE Valorarase positivamente o interese, traballo e participación.</p> <p>-FALTAS ORTOGRÁFICAS Tanto nos traballos persoais como nas diferentes probas escritas poderanse descontar 0,25 puntos por cada falta ortográfica e de expresión, ata un máximo de dous puntos.</p> <p>Se o/a profesora observa que un/unha alumno/a copia, será avaliado/a cun 0 nesa proba.</p>	

Dept. _____



IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes. LUGO

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

Materia	Lingua Castelá e Literatura		
Docente	Margarita Rodríguez López, Patricia Fernández López, María Rodríguez		
Curso/Grupo	1º Bach.	Ano académico	2023-2024
Contidos			
1º Trimestre	<p>1. Comprensión oral e escrita: - Análise de textos orais e escritos: o feito comunicativo. Comprensión oral e escrita. Selección da información máis importante. - Coherencia, cohesión e adecuación. Uso de recursos lingüísticos en textos orais e escritos: uso de conectores e procedementos léxico-semánticos que axudan á cohesión do texto. Utilización de signos de puntuación como mecanismo organizador. - O resumo: textos argumentativos.</p> <p>2. As linguas e os seus falantes. As linguas en España: diacronía e sincronía.</p> <p>3. Coñecemento da lingua - A estrutura da lingua: - A lingua e os seus niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintático e semántico. - A palabra e os seus constituíntes. Procedementos de formación das palabras. - As relacións semánticas. Os cambios semánticos.</p> <p>4. Literatura. A literatura medieval. A literatura do S. XV. Lectura obrigatoria: <u>La Celestina</u>, Fernando de Rojas</p>		
2º Trimestre	<p>1. Comprensión oral e escrita: - Xéneros discursivos do ámbito social. - O resumo: textos argumentativos.</p> <p>2. As linguas e os seus falantes: - As variedades dialectais do español de España e América.</p> <p>3. Coñecemento da lingua - As clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes, adverbios, preposicións e conxuncións. - O verbo. Valores dos tempos verbais. As perífrases verbais.</p> <p>4. Literatura: - O Renacemento: - A lírica. - A prosa. - Miguel de Cervantes Lectura obrigatoria: <u>El Quijote</u>. Miguel de Cervantes.</p>		
3º Trimestre	<p>1. .Comprensión oral e escrita: - Xéneros discursivos do ámbito educativo. Os textos académicos. - O resumo: textos argumentativos.</p> <p>2. As linguas e os seus falantes: - Bilingüismo, préstamos e interferencias. A diglosia lingüística e dialectal. - Linguas minoritarias e linguas minorizadas.</p> <p>3. Coñecemento da lingua - Os sintagmas. A oración simple: funcións sintácticas e clasificación. - Valores de "Se".</p> <p>4. Literatura: - O Barroco: poesía e teatro. - A literatura do século XVIII: prosa e teatro. - O século XIX. O romanticismo: poesía, prosa e teatro. Lectura obrigatoria: <u>El Caballero de Olmedo</u>, Lope de Vega</p>		
Obxectivo			



Os marcados polo Decreto da lei LOMLOE polo que se establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

Metodoloxía

Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos utilízanse o libro da editorial Oxford ISBN: 978-01-905-4575-8, así como aqueles recursos en papel ou dixital que o profesorado que imparte a materia considere interesante.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

a) Probas escritas e orais das unidades didácticas, comentarios e análise de textos(80%)

b) Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): estudo das obras de lectura propostas, formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións tanto de carácter individual como grupal, observando a actitude e o comportamento na clase (20%)

Realizaranse unha ou máis probas de Avaliación por trimestre. Teranse en conta as probas tanto escritas como orais representando o 80% da nota, o 20% restante computarase ca variable b.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións(cada profesor marcará a puntuación mínima correspondente)

2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos

Proceso de avaliación Extraordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global extraordinaria que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por



Xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

PRESENTACIÓN DE TRABALLOS E EXAMES

Restarase entre 0,25 e 0,50 puntos pola presentación inadecuada de traballos e exames. -
ACTITUDE EN CLASE

Valorarase positivamente o interese, traballo e participación nas actividades propostas

-FALTAS ORTOGRÁFICAS

Tanto nos traballos persoais como nas diferentes probas escritas poderanse descontar 0,25 puntos por cada falta ortográfica e de expresión, ata un máximo de tres puntos.

Se o profesor observa que un/unha alumno/a copia, será avaliado/a cun 0 nesa proba

(Extracto da programación do departamento)